

Non é novo que desde o Museo Thyssen-Bornemisza consideremos as nosas salas como un espazo polo que transitar e onde realizar diferentes percorridos. Sempre buscamos temas, ideas ou motivos que nos permitisen ir dunha obra a outra, sen que a razón fose sempre cronolóxica.

Agora temos unha compoñente nova: tratar de analizar algúns destes camiños de descubrimento e unilos a aquilo que desde a Idade Media se deseñou como un camiño de transmisión de coñecementos e de encontros: o Camiño de Santiago.

O Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da Humanidade e Itinerario Cultural Europeo, e recibiu o título honorífico de «Rúa Maior de Europa», o que demostra a súa importancia como rede cultural europea.

Os contos do Camiño é o título do proxecto que realizamos conxuntamente con OQO Editora, La Compagnie Créative, O Bichinho de Conto e o Museo Thyssen-Bornemisza, no cadre do Programa Cultura 2007-2010 da Unión Europea.

A presente guía didáctica está dirixida a profesores e escolares e propón a idea do Camiño como unha enorme rede de cultura humana. As coleccións do Museo inspiráronnos para crear tres percorridos temáticos con este fío condutor:

1

Un labirinto de camiños

2

Viaxes e viaxeiros

3

Abrir camiños

1

Un labirinto de camiños

Neste percorrido proponse a idea do Museo como un labirinto, un espazo no que cada visitante traza o seu camiño e, polo tanto, converte o Museo nun cruzamento de camiños. Proponse tamén a idea do labirinto como xogo e a súa relación con xogos tradicionais como o da oca.

2

Viaxes e viaxeiros

O afán viaxeiro do home levouno ao longo da historia a percorrer países e a crear rutas que estiveron na orixe de descubrimientos e de coñecemento. A través das obras da colección, achegarémonos a algunas dasas grandes rutas, como a Ruta da seda, aprenderemos o que era o *Grand Tour* e veremos os descubrimientos das rutas científicas no continente americano.

3

Abrir camiños

O camiño da historia da arte está sucado por artistas que foron xerando novas vías. Os cambios no pensamento e os cambios estéticos favoreceron mudanzas, ás veces sutís e ás veces radicais, na representación da realidade que nos rodea.

3

Abrir camiños

Propostas didácticas

Actividade 1

Propómosvos traballar coa relación entre camiño e pegada. Sobre un longo camiño que podedes crear no chan con papel continuo, podedes deixar a vosa pegada mediante técnicas como o *dripping* de Pollock. Deste xeito, xuntaredes na pintura o xesto e o movemento do voso corpo. Para este traballo, empregade témpora líquida. Tamén vos podedes axudar, como facía Pollock, de paus e doutros obxectos para dirixir a pintura.



Willem de Kooning
Home vermello con bigote, 1971
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid

Actividade 2

Na segunda metade do século XX hai artistas que retoman o camiño da realidade e da representación figurativa. O hiperrealismo ou fotorrealismo orixina obras próximas á reproducción fotográfica, nas que o artista adopta unha mirada mecánica e convértese nun ollo fixo e inmóbil. A miúdo, devólvennos imaxes que amosan a cidade como un espazo frío, baleiro, deshabitado e con personaxes illados.

Podedes traballar coas vosas cámaras dixitais. Escollede un tema e creade un álbum dixital: por exemplo, aspectos do voso centro escolar, do seu entorno ou do voso barrio. Podedes fixarvos só na arquitectura, nas árbores ou nos elementos de publicidade, ou procurar reflexos á maneira de Richard Estes.

Robert Rauschenberg, *Express*, 1963
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



Actividade 3

A partir desta obra, propómose que analices unha serie de aspectos relacionados coas achegas de Edgar Degas á pintura. Pensa cal é o tema desta obra e investiga que outros temas lle interesaban a este pintor.

Degas estaba interesado na fotografía. Indaga en que maneira puido influír esta técnica na súa pintura. Podes imaginar desde onde está ollando o pintor esta escena?


Edgar Degas
Na sombreiraría, 1882
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



Actividade 4

Os pintores surrealistas plasmaron nos seus lenzos imaxes propias dos soños e do subconsciente. Atraíaos todo o que fose irracional e incorporaron ao proceso creativo técnicas novas como a escritura automática e, en pintura por exemplo, o *frottage*, que consistía en fregar un papel ou un lenzo sobre unha superficie ou un obxecto con textura ou relevo, de xeito que se obtiña unha nova imaxe do obxecto en cuestión.

Isto é o que pensamos que podes fazer: escollede diferentes obxectos non moi grandes, como unha moeda, un pau, unha pedra ou calquera que se vos ocorra. Colocade os obxectos ao chou e enriba un papel. Coa axuda dun lapis, sombreade os obxectos ata que aparezan as súas formas. Despois podes completalo coa técnica da colaxe ou aplicar a pintura ao voso gusto.



Max Ernst
Árbore solitaria e árbores conxugais, 1940
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



DG Educación y Cultura

Programa Cultura

Organiza:

educa ● ● ●
thyssen

OQO editora


O BICHINHO DO CONTO
editora



Colabora:


XACOBEO 2010
Galicia

Os contos do Camiño

O camiño da historia da arte está sucedido por artistas que foron xerando novas vías. Os cambios de pensamento e estéticos favorecen as mudanzas, ás veces sutís e ás veces radicais, na representación da realidade que nos rodea.

Deste xeito, a arte de finais do século XIX abriu infinitas posibilidades temáticas. O impresionismo, por exemplo, aproveitou a representación da realidade para profundar nas súas investigacións sobre a luz e recoller escenas da vida contemporánea: a vida na cidade moderna, o balbordo da xente, os cafés e os faladoiros, os espectáculos nocturnos e as posibilidades da iluminación artificial, as reunións campestres, as carreiras de cabalos ou os paseos polos xardíns.

Ademais do cambio no protagonismo dos denominados xéneros menores fronte aos maiores, outro aspecto que muda radicalmente é a factura da pintura. Frente ao interese da pintura académica por borrar calquera pegada do proceso e procurar que non sexan visibles os materiais nin a técnica, a pintura moderna, pola contra, vai eloxiar eses elementos. Agora un cadro é unha tea manchada, xa non unha fiestra, como no Renacemento. Os pintores chegarán a utilizar os pigmentos segundo saen do tubo, sen mesturar, mostrarán o lenzo sen imprimir e traballarán coas texturas para salientar o poder expresivo da pincelada.

Abrir camiños


Pierre-Auguste Renoir
Muller con antuca nun xardín, 1875
(detalle)

Vincent van Gogh
"Les Vessenots", en Auvers, 1890
(detalle)




Pablo Picasso
Home con clarinete, 1911-1912
(detalle)

Wassily Kandinsky
Pintura con tres manchas, 1914
(detalle)



Jackson Pollock
Marrón e prata I, c. 1951
(detalle)

Richard Estes
Nedick's, 1970
(detalle)



Pierre-Auguste Renoir
Muller con antuca nun xardín, 1875

Óleo sobre lenzo. 54,5 x 65 cm
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid




Muller con antuca nun xardín é unha obra en que se poden apreciar moitas das proezas dos pintores impresionistas. O horizonte desapareceu e Renoir céñtrase en mostrar a exuberancia dun xardín, construído a base de pequenas manchas de cor. O xogo de contrastes de cor e o uso da pincelada empastada crean unha superficie rica en texturas.

Este era o xardín da casa de Renoir en Montmartre, un xardín en estado case salvaxe, un dos aspectos que máis o chamaron da casa. Alén de arbustos e macizos de flores, na escena aparecen dous personaxes: unha muller cun traxe escuro e cun parasol branco e, ao seu carón, un home agachado, que quizais estea recollendo algunha flor. Polo seu atavío, pantalón con peto e chapeu de palla, parece un xardineiro.

Vincent van Gogh
“Les Vessenots”, en Auvers, 1890

Óleo sobre lenzo. 55 x 65 cm
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



A historia da arte non ten unha traxectoria lineal, vanse cruzando camiños e tendencias. Encontramos por un lado importantes mestres, como Cézanne, Van Gogh ou Gauguin, que posibilitaron que se desenvolvesen outros movementos, e, por outro, a irrupción de mozos como Picasso, Braque e Kirchner, que romperon radicalmente co establecido e trazaron outros camiños.

Vincent van Gogh recolleu a influencia de pintores contemporáneos a el. Aprendeu a técnica dos impresionistas e foi capaz, a partir de aí, de crear un estilo persoal que abriu o camiño ás seguintes xeracións. A obra de Van Gogh foi admirada polos artistas fauvistas e expresionistas, que tomaron como modelo a súa exaltación da cor e a forza das súas pinceladas empastadas e vibrantes.

Les Vessenots, en Auvers era a zona onde vivía o Doutor Gachet, que se ocupaba de cuidar da saúde do pintor por encomenda do seu irmán Theo. Nas súas últimas paisaxes, Van Gogh emprega un horizonte moi alto, de xeito que a práctica totalidade do lenzo é ocupada polo trigal. Ao fondo, hai uns outeiros e un ceo sucado por algunha nube, mentres que máis preto vense as casas de Auvers, cos seus tellados de palla e tella.

Pablo Picasso
Home con clarinete, 1911-1912

Óleo sobre lenzo, 106 x 69 cm
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



Talvez a ruptura más radical en toda a historia da arte tivo lugar na primeira década do século XX e foi a proposta que abriu a arte a outra dimensión: o cubismo.

A tradición renacentista que presentaba o cadro como unha fiestra aberta a unha realidade visual perfectamente ordenada e proporcionada sufriu unha profunda transformación. Comezouse a ver o mundo doutras maneiras, fragmentado, en movemento, abstracto, en cores vibrantes ou cargadas de materia.

Pablo Picasso e Georges Braque foron os creadores desta nova linguaxe con que a pintura penetrou nun camiño inexplorado. As cores fóreronse reducindo a tonalidades verdes, grises e marróns. As formas fixérонse cada vez máis xeométricas e, con frecuencia, fundíronse o fondo e a figura. Os obxectos descomponéñense nunha morea de planos xeométricos que o espectador debe reconstruír mentalmente.

Home con clarinete foi pintado no outono de 1911 ou no inverno de 1912, despois de que Picasso pasase o verán pintando xunto a Braque. Pódense recoñecer, malia a forte abstracción, elementos que facilitan a lectura, como o esquema do rostro, algunas partes en que se adiviña o clarinete, liñas curvas que poderían ser os dedos e unhas volutas ao fondo que talvez pertenezan a unha cadeira de brazos.

Wassily Kandinsky
Pintura con tres manchas, 1914

Óleo sobre lenzo, 121 x 111 cm
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



Kandinsky foi un dos artistas pioneiros da pintura sen tema, da pintura puramente abstracta.

En *Pintura con tres manchas* vemos tres formas irregulares de cor vermella, azul e verde, que centran e dan título á composición. Arredor sucedense outras formas cuxo movemento circular fainos pensar na idea da creación do cosmos.

Existe un debuxo preparatorio en tinta para este cadro no cal se poden distinguir algúns elementos figurativos como unha barca, algúns personaxes e unha forma circular sobre a que Kandinsky escribiu «Kr» (*Krasnoe*, «vermello» en ruso), que quizais sexa unha representación do sol e que foi finalmente suprimida do lenzo.

Jackson Pollock
Marrón e prata I, 1951

Esmalte e pintura prateada sobre lenzo. 144,7 x 107,9 cm
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



Durante a segunda metade do século XX sucedense as idas e vindas da abstracción á figuración e viceversa. Doutra banda, o centro da vanguarda desprázase de París a Nova York e estabelécese unha nova dirección nos camiños por onde transitan as novas propostas plásticas.

O pintor norteamericano Jackson Pollock deixa de empregar o pincel como mediador entre o seu pensamento e o lenzo e substitúe polo goteo directo e sen control da pintura desde a lata, técnica chamada «*dripping*». O cadro xa non ten marco, apóiase directamente no chan, e así o artista percorre todo seu o espazo, rodáeo e mesmo pasa por el.

Por iso, cando contemplamos unha obra de Pollock, tamén debemos pensar no proceso, en como foi pintada e nos xestos que o artista realizou para crear esta obra. A esta técnica chamóuselle «*action painting*» («pintura de acción»), polo papel fundamental que nela teñen o aspecto corporal, o xesto e o propio acto de pintar.

O pintor utilizou a técnica do goteo, pero tamén se serviu de instrumentos como paus e xiringas para distribuir a pintura.

Richard Estes
Nedick's, 1970

Pintura acrílica sobre masonita. 122 x 175,3 cm
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



Richard Estes é un dos representantes do chamado fotorrealismo americano. A cidade de Nova York é talvez o tema que máis o ocupou, aínda que outras moitas cidades foron obxecto das súas pinturas.

O seu método de traballo pasa pola realización de diferentes fotografías do lugar, que despois utiliza no seu estudo para compor a obra. Nas súas creacións adoitan aparecer elementos como os cristais reflectores e os espellos e, consecuentemente, a xeración de espazos reais e ilusorios.

En *Nedick's* o pintor presenta ao mesmo tempo unha paisaxe urbana exterior e un espazo interior no establecemento obxecto da pintura. Mientras que a paisaxe se perde pola esquerda do cadro, nun primeiro plano vemos os edificios e o asfalto da estrada e a medida que avanza a nosa vista comezamos a enxergar os edificios a través dos cristais do establecemento. O interior é un labirinto de cristais e espellos, de transparencias e reflexos que confunden ao espectador.

Edita
Fundación Colección Thyssen-Bornemisza

Textos
Elena Rodríguez

Coordinación
Ana Moreno

Diseño gráfico
Sánchez/Lacasta

Preimpresión
Lucam

Impresión
Brizzolis

Todos os dereitos reservados
© dos textos: os seus autoress
© da presente edición: Fundación Colección Thyssen-Bornemisza